



A BORDO DO ABRAKADABRA POLOS SETE MARES (I)

Por: Maracaibo

A rosa dos ventos, o antigo compás do baixel de *Puerto Victoria* de boa fortuna orientábanos, seguindo aos peixes voadores de boca luminosa nas ondas dos Alisios rumbo ás Antillas. De arribada coa Cruz do Sur a dous palmos do horizonte, dobrando o Cabo Agujas rodeados de tiburóns e bancos de sardiñas..., con azucre de caña da Illa Mauricio pescando o vermello mero no solsticio. Cargados de té da Illa Mahé, cabalgando nas correntes ao compás do Monzón, ben lastrados de barrís de ron da Illa Reunión con destino á Illa da Abundancia no Índico, polo golfo de Siam con quisquilla seca, ou polos Sete Mares.

O baixel Abrakadabra seguía fondeado en barbas de gato a dous cables da Fonte dos Consejos, pois alí se reunen os coellos. Calma chicha na Illa, o mar coma un espello, achegábanse as flotillas de peixes cornudos, pola superficie movían as aletas como velas de xuncos, piaban os araos..., caldeiróns, arroaces e golfiños. Soaban as marimbas en Melide, as oito criollas movían as cadeiras cantando como belas tiples, danzando con tiaras de azucenas mariñas nas areas douradas. O suave ritmo encandeábanos no sereno atardecer aceso no ceo da Deusa do Amor. Dous botes polbeiros, xeiteiros, tres dornas e barcas varadas na praia

Nas florecidas dunas..., vellas velas, farois, hamacas, barrís, auga fresca e uns grolos de grog. Polos arrecifes en baixa mar, gaivotas, charráns e cormoráns secando as ás. Saían á Ardora traíñas e volanteiros ao cerco, racús e galeóns á altura do peirao das dornas. Vogando e a vela con rumbo longo ao sur de Onza..., cara ás Illas Sicas ou de Baiona..., onde escintilean os delfíns do océano, alí largan os vapores sardiñeiros de A Garda.

Acenderon o farol de popa e un candil sobre a campá de buzos; na entreponte catro lobos de mar tatuados con dentes de marraxo, barallaban a xogada do morto: Ases, oitos e unha dama. Baixaron pola borda embarcando na falúa baixo a luz da lúa. De catro a catro vogando, vibraban as dúas gaitas, pandeiretas e pandeiros..., chascarraschás. No exótico festín colares de alecrín.

Dúas cabezas de allos, tres cebolas e o polbo ben mallado, aí lalalala...!!!

Resoaba a praia co curioso eco... “abraiadas as pulgas mariñas saltaban bailando samba”. Cociñábase no forno de cantos rodados, confeituras de mandioca e vainilla, delicias de coco de mar, bocados ao limón, vieiras, ameixas, navallas..., afrodisíaco festín co As de Corazóns. A mulata de “Lora Negra” tocaba a guitarra, cantaba cun coro de verdes loros á luz da fogueira. Ron queimado da Illa de Barbados en pos da “Liberdade e da Paz”.

A noite colmábase de cúmulos e estrelas..., fugaces chuvias das Perseidas e os restos do brillante cometa Daylight do ano 1910..., ao norte de Flecha e do Delfín, a Raposa, o xenio e a lámpada marabillosa na fabulosa nebulosa..., a Espiga e o Corvo... e o Atlas de Hevelius.

No inmenso e estrelado ceo, a Vía Láctea e a Galaxia Andrómeda fascinábannos sentindo a misteriosa Natureza do Universo.

Ao amencer bramaban as sirenas dos buques..., toques de buguinas nas dornas pescando ao choco, densos bancos de brumas do oeste cubrían a costa e o Faro; xa ao mediodía, na cámara de popa, Adara e Yasmina olleaban un curioso mapa da Illa. Noa dicíanos de Dionisio, o amigo do Cucorno, mirade ao dorso do pergamiño as trementes redondillas dunha pluma de galo mariño: “Dous cofres hai na Illa, os dous son para ela, estou morrendo da febre amarela. Ánimas do Purgatorio, levádeme xunta a ela”. “Baixo a Pedra do Louro, con ollo de boi cara ao SL. polos fondos de area, canóns, prata, rubís, esmeraldas, perlas negras e moito ouro”. A bordo do Corvo Negro. Benito Bonito o Portugués. Agosto do ano de 1823.

